

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 19 de outubro de 2008.-

Made in China

O pasado oito de agosto o mundo enteiro quedou abraiado perante o despregue de medios tanto humanos como tecnolóxicos utilizados na cerimonia de inauguración dos Xogos Olímpicos na cidade de Pequín, u acontecemento que tivo lugar no interior dun estadio que chamaba a atención tanto polas súas dimensións como pola singularidade do seu deseño, xa que ten a forma do xigantesco niño de paxaro que lle dá o nome. Todo foron noraboas e parabéns para os organizadores do evento por parte de público, dos gobernos dos diferentes países participantes e das autoridades de alto nivel presentes no lugar, mais o ruído dos aplausos non nos debería facer esquecer o constante atropelo dos dereitos humanos no país onde a tal cerimonia tiña lugar, sobre todo se temos e conta que no ano 2001 o Comité Olímpico Internacional decidiu conceder a organización dos Xogos de 2008 á candidatura presentada por Pequín coa seguridade de que a concesión había de facer medrar o respecto polos mesmos.

Baixo o lema "*Un novo Pequín, unha nova olimpíada: unha oportunidade para China e para o mundo*" e co gallo de conseguir terreos para a construción do Estadio do Niño de Paxaro e doutras moitas instalacións deportivas, o goberno chinés decretou o traslado forzoso de comunidades enteiras sen lles ofrecer unhas compensacións económicas mínimas. E iso marcou o punto de partida para un novo deterioro da situación dos dereitos humanos no país.

Yang Chunlin, representante de corenta mil labregos a quen se lles confiscaran as terras sen indemnización, foi detido tras unha manifestación e a

policía negoulle calquera clase de contacto cun avogado ou coa súa familia. As autoridades condenárono a cinco anos de cárcere e foi torturado en repetidas ocasións. **Wang Lin** foi condenada a quince meses de “reeducación” por facer pancartas contra o derrubo da súa casa. E **Ye Gouzhu** acabou na cadea por pedir permiso para facer unha manifestación contra a incautación de casas para proxectos olímpicos. Na súa sentenza o xuíz ditaminou que o condenaba a catro anos de prisión por “*provocar disputas e causar problemas*”. Son soamente tres exemplos dos moitos denunciados pola organización Amnistía Internacional no seu informe anual.

A ONG denuncia que por mor da existencia dun sistema penitenciario baseado en moitas ocasións na “reeducación polo traballo”, hai na actualidade arredor de cincocentas mil persoas detidas que nunca recibiron asistencia letrada nin compareceron perante un tribunal e están condenadas a desenvolver traballos forzados ao longo de moitas horas.

Mais a listaxe de atropelos aos dereitos humanos nesta China que abraiou ao mundo ao longo do mes de agosto e na que calquera persoa que pase polo sistema penal do país ten moitas posibilidades de sufrir torturas, acada o seu grao máis alto coa práctica constante da execución de prisioneiros, arredor de dez mil persoas cada ano, aínda que non existen cifras exactas porque as estatísticas sobre a aplicación da pena de morte son un segredo de estado, o que obriga ademais a que os xuízos se celebren a porta pechada sen seguridades xurídicas. A pena capital aplícase en China a sesenta e oito delitos, incluídos os casos de corrupción e os relacionados coas drogas, tema este último sobre o cal Amnistía Internacional tamén denuncia a rehabilitación forzosa de drogodependentes en

condicións infrahumanas para “*facer unha limpeza de Pequín con vistas aos xogos olímpicos*”.

A importancia que as autoridades lle conceden á defensa dos dereitos humanos antes e despois das olimpíadas queda patente nos casos dos avogados a prol dos dereitos humanos **Gao Zhisheng**, que foi condenado por “*incitar á subversión*” e **Li Heping**. As autoridades recluíron ao primeiro en réxime de incomunicación e foi torturado en repetidas ocasións antes de ser condenado a arresto domiciliario en Pequín, mentres que o segundo foi secuestrado por persoas non identificadas que o golpearon mentres lle dicían que abandonase o seu traballo en favor dos dereitos humanos.

As denuncias de Amnistía Internacional proseguen con casos de discriminación contra as mulleres no traballo, no ensino e no acceso á sanidade, de trata e comercio de nenas, de abortos obrigatorios baixo a supervisión de funcionarios de planificación familiar, de imposibilidade de acceso a diversas páxinas web por orde governativa, de censura na prensa, de prohibición da libre circulación de xornalistas polo país e de represión continuada de grupos minoritarios, como iugures ou mongois, por non falar do caso do Tíbet, que daría para moitas páxinas.

A pesares de todo isto non houbo máis que aplausos e parabéns pola perfecta organización dos xogos de agosto pero ninguén dixo nin unha soa palabra en defensa dos dereitos humanos ou contra o constante desprezo polos mesmos que amosan as autoridades chinesas. Será ese quizais o prezo que occidente anda a pagar pola man de obra barata?